

Nome: .....

Curso: .....

**1. Define os seguintes termos:**

- Contaminación: .....
- Medio natural: .....

**2. Le estas frases e escribe *Verdadeiro (V)* ou *Falso (F)* segundo corresponda.**

- Ao bañarnos en lugar de ducharnos aforramos auga.
- O lixo débese depositar no seu contedor correspondente.
- A contaminación do medioambiente non prexudica a saúde das persoas.
- A degradación do medioambiente prexudica a biodiversidade do planeta.

**3. Relaciona con frechas cada contedor da primeira columna cun residuo da segunda:**

Punto limpo	Periódico vello
Contedor azul	Bote de perfume
Contedor verde	Lata de refresco
Contedor amarelo	Electrodoméstico roto

**4. Escribe un exemplo que contribúa á sostibilidade do noso planeta para cada unha das accións seguintes:**

- Reducir: .....
- Reutilizar: .....
- Reciclar: .....

**5. Que outras actuacións podemos realizar para reducir a contaminación?**

.....

.....

.....

.....

Nome: .....

Curso: .....



Ramiro, o mestre de sexto, presentou hoxe as bases do concurso medioambiental deste ano.

Para presentarse á fase eliminatória do concurso, os alumnos teñen que redactar unha noticia sobre algunha problemática medioambiental.

Noa decide escribir sobre a deforestación do Amazonas xa que o seu irmán maior está traballando en Brasil e infórmaa sobre o tema.

Leo prefere explicar a marea negra que provocou o afundimento dun petroleiro nas costas españolas hai uns anos.

**1. Noa comenta que a deforestación é a acción humana que máis degrada a natureza. Leo argumenta que hai outras accións igualmente prexudiciais.**

Quen ten razón? .....

Por que? .....

**2. Leo e Noa queren saber como lle afectan á biodiversidade as problemáticas que escolleron, buscando máis información, encontran que:**

- A A contaminación do medioambiente non provoca alerxias.
- B A degradación do medioambiente non prexudica a biodiversidade.
- C Os animais non enferman nin morren por consumir alimentos contaminados.
- D A contaminación do aire, da auga e do solo provoca enfermidades nas plantas.

**3. Leo coméntalle a Noa que leu que a tala dalgúns bosques amazónicos é insostible e pídelle que llo explique:**

Noa coméntalle que unha explotación insostible é aquela que: ameaza .....

**4. Noa pregúntalle a Leo que sabe sobre a explotación dos recursos naturais:**

- A A obtención e utilización de recursos naturais nunca contamina.
- B Hai recursos non renovables como o petróleo, o carbón e a auga.
- C A industria e os transportes consomen poucos recursos naturais.
- D Algúns recursos naturais son renovables, rexenéranse por si sós.

Nome: .....

Curso: .....



Noa e Leo pasaron a fase eliminatória do concurso e agora teñen que preparar un proxecto para contribuír á mellora do medioambiente.

Como son os únicos alumnos da clase que pasaron a fase eliminatória, deciden traballaron conxuntamente no proxecto.

Optan por realizar unha páxina web para informar e motivar a veciñanza sobre as actuacións que poden realizar para mellorar o medioambiente.

O alcalde propúxolles enlazala co portal do Concello.

**5. Noa e Leo documéntanse sobre diferentes formas de contribuír á sostibilidade do planeta:**

- A Alugar e prestar non é mellor que comprar.
- B Se se estraga un obxecto, é mellor tiralo e comprar un novo que arranxalo.
- C Reciclar non é sostible xa que é un proceso que consome moita enerxía.
- D Separar os nosos residuos para que poidan ser reciclados e usados de novo.

**6. Leo coméntalle a Noa que na súa páxina web terían que explicar os tres residuos domésticos que existen. Noa corríxeo indicándolle que hai catro tipos de residuos domésticos e non tres.**

Quen ten razón? .....

Por que? .....

**7. Despois de merendar, de camiño á casa para pórse a traballar no proxecto, Noa e Leo non saben en que contedor deben botar o papel de aluminio dos bocadillos:**

- A No contedor azul.
- B No contedor verde.
- C No contedor amarelo.
- D No contedor xenérico.

Nome: .....

Curso: .....



Hoxe é o gran día. Despois de moito traballar e cheos de ilusión, Noa e Leo consultan a web do concurso para ver os nomes dos gañadores.

Ambos os dous levan unha gran sorpresa cando descubren que quedaron en segundo lugar. Están moi contentos e deseguidas consultan o premio que gañou.

Segundo as bases do concurso, o segundo premio consiste en pasar unha semana coas familias respectivas nun Parque Nacional de España gozando de diferentes actividades rodeados de natureza.

**8. Leo e Noa planean coas súas familias a viaxe que realizarán. Buscan na Internet información sobre os espazos naturais protexidos e achan que:**

Parques naturais - parques nacionais – espazos naturais protexidos

Os ..... clasifícanse en distintas categorías segundo a súa importancia. Os ..... deben preservarse no seu estado natural xa que non están modificados polos humanos.

Nos..... está permitido realizar actividades compatibles coa natureza.

**9. De camiño ao Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido, Leo proponse un xogo a Noa. Exponse unha problemática ambiental e ela ten que explicarlle en que consiste e que a causa. Leo preguntalle sobre o cambio climático:**

Que é? .....

Que o causa? .....

**10. Nunha das actividades que lles organizaron no Parque Nacional, tratan precisamente sobre o cambio climático. O seu guía explícalles que algunhas das consecuencias do cambio climático son:**

- A O incremento da superficie dos casquetes polares.
- B O aumento dos fenómenos meteorolóxicos extremos.
- C O aumento das precipitacións e da fertilidade dos solos.
- D O incremento de especies vexetais e animais e a súa ampla distribución xeográfica.